

## CADROS DE VACACIÓNS: TÉÑENSE QUE FACER OBRIGATORIAMENTE

**A partir de diversas consultas, malentendidos e descoñecemento da normativa de vacacións que detectamos nas nosas visitas a oficinas e centros corporativos, ademais de ser un tema que sempre foi conflictivo, queremos aclarar diversos aspectos das vacacións que son de interese xeral.**

- O primeiro de todos é que os cadros de vacacións teñen que se facer obrigatoriamente e deben estar a disposición do persoal afectado e dos seus representantes, se estes os solicitan. Ademais, estes cadros han de recoller todas as vacacións: traballamos nun sector que non pecha un mes enteiro de vacacións e habemos repartir todos os días de maneira concreta. Por este motivo, os cadros de vacacións, que teñen que estar feitos ao redor do mes de febreiro, son unha salvagarda das vacacións que poderemos facer e permítennos combinalas coa familia e amigos, planificalas e gozar destes días que nos merecemos, porque son un dereito dos traballadores.
- No Banco Sabadell temos 31 días laborables de vacacións, nos que non contan festivos, sábados nin domingos.
- Todos temos que facer, obrigatoriamente, como mínimo 14 días seguidos de vacacións.
- Durante os meses que traballamos os xoves pola tarde (o persoal con xornada continuada), nos dous primeiros períodos de vacacións que se fagan, todos os xoves que entren contan por un día de vacacións. Un período pode ser un único xoves, e este contará por un día de sete horas se é primeiro ou segundo período; ou ben conter varios xoves, e todos eles contarán por un día de sete horas cada un. A partir do terceiro período de inverno, contarán por dez horas.
- Os cadros débense confeccionar seguindo os criterios de antigüidade establecidos, tendo en conta a preferencia a que teñen dereito as nais e pais con fillos en idade escolar.
- Os cadros hanse confeccionar de xeito diferenciado e independente para administrativos e para técnicos.
- As vacacións en Banco Sabadell pódense facer desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro.

Son os aspectos máis relevantes que hai que ter en conta e que quixemos remarcar. Para non estendernos moito, sabede que no People (Intranet) atoparedes a normativa de vacacións, o acordo do 2006 de vacacións e o acordo de xornada laboral do 2010, os tres con aspectos relacionados coas vacacións.

Finalmente, se tedes algunha dúbida ou problema para confeccionar o cadro, quen aínda non o fixese, ou non estea de acordo sobre como se determinaron, que xa o teña feito, non dubidedes a pórvos en contacto connosco. Tede presente que as vacacións son o noso dereito, ao que non debemos renunciar, e moito menos nestes tempos de tensións e de exixencias que vivimos.

Marzo de 2011

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b> Enviar a ➤	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome .....	Ofi.: .....	DNI .....      Data    /    /
Domicilio .....	C.P.: .....	
Poboación .....		
Cta. de cargo .....		
Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <a href="http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html">http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html</a> . A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO ( <a href="http://www.ccoo.es">http://www.ccoo.es</a> ) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a <a href="mailto:lodp@cco.es">lodp@cco.es</a> ou chamar por teléfono ao 917028077.		